

Debates ideolóxicos e políticos en Galicia no período 1846-1868

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN (2012 [1986]). “Debates ideolóxicos e políticos en Galicia no período 1846-1868”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 355-370. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2333>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN (1986). “Debates ideolóxicos e políticos no período 1846-1868”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 355-379.

* Edición dispoñíbel en pdf desde o 19 de outubro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. o GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DEBATES IDEOLÓXICOS E POLÍTICOS EN GALICIA NO PERÍODO 1846-1868

XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ

Universidade de Santiago

O período 1846-1868, que xa conta con algunhas investigacións de historia económica, carece, polo de agora, dunha rigorosa investigación nos eidos ideolóxico e político. Xa se comprende que non pode ser esta a ocasión de aborda-lo tema cunha pretensión de exhaustividade. A nosa contribución é máis modesta: Quere salienta-los debates máis importantes do período (que se inicia co síndrome da derrota do Levantamento do 1846 e que remata coa alborada de liberdade que trae o pronunciamento do 1868), recollendo a información na mesma opinión pública, exposta en conferencias, discusións e tertulias nos Ateneos e Liceos, nos xornais, en libros e folletos de consumo popular. Prescindimos, nesta ocasión, da información que nos puidesen proporcionar as obras de rigorosa e elitista investigación ou as doutrinas da xerarquía eclesiástica, xa parcialmente estudiaadas por nós noutra ocasión (1).

Pesie a que a base empírica que sostén esta comunicación é importante, temos que recoñecer que hai lagoas documentais, ben porque algunhas fontes se perderon irremisiblemente, ben porque os propietarios dalgunha delas non nos facilitaron o acceso ás mesmas (2).

Tampouco debemos ocultar que ó destinar esta comunicación a un Congreso sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo, procuramos enfatizar aqueles temas que teñen unha directa ou indirecta referencia na vida de Rosalía coa intención de encadra-la súa obra no tempo histórico que lle tocou vivir.

I. Unha sociedade ficticia que se imaxina na opulencia

Un dos aspectos que máis sorprende a quen se aproxima ós medios de comunicación da época, especialmente a partir do ano 1854, é a ficción dunha sociedade galega que entrou decididamente na modernización socioeconómica. Quen compare

(1) X.R. Barreiro Fernández, *Ideario político religioso de Rafael de Vélez, obispo de Ceuta y Arzobispo de Santiago (1777-1850)*, Hispania Sacra, 25 (1972), pp. 75 e ss., e tamén *El Pontificado compostelano del Cardenal García Cuesta (1852-1873)*, Compostellanum XVII (1972), pp. 189-260.

(2) Tal sucede, por exemplo, co actual posesor do único exemplar coñecido do xornal *La Oliva* que non tivo a xenerosidade, propia dos grandes e verdadeiros intelectuais, de facilitárho-la súa lectura.

os xornais do período 1836-1846, nos que se formulan duras acusacións e denuncias contra o Estado pola marxinação en que ten a Galicia, con estouta prensa, claramente domesticada, do período que nos ocupa, podería pensar que o noso país en só 10 anos pasou do atraso á opulencia. Agora non se descoñecen as necesidades, pero domina un optimismo que converte as limitacións presentes en situacións provisionais que están a ser superadas. L. Rodríguez Seoane, un dos intelectuais máis inquedados do momento, acusa o atraso de Galicia “a su natural indolencia”, pero está seguro de “que nuestra Patria estará dentro de poco al nivel de las demás provincias de España” (3).

Unha sociedade que acepta debates sobre o feminismo, a hixiene pública, os novos métodos pedagóxicos, as vantaxes do librecambismo, a crise do capitalismo, que consome as noticias dos novos inventos (4), da instalación da telegrafía ou dos primeiros estudos fotográficos (5), é unha sociedade que quere esquecer-la gravísima crise económica dos anos 1852-1853, e se insere nunha etapa de optimismo vitalista. Como a Galicia do atraso económico estaba chamando á porta, non faltaron plumas que intentaran mante-lo optimismo, mediante o equívoco de distinguir dúas Galicias: a rural, que recoñecen atrasada pero que xa non tipifica o estilo actual do país, e a urbana ou “civil” que está ó mesmo nivel que as máis avanzadas de España (6).

Este optimismo esaxerado e inconsciente vén xerado por unha hábil campaña, especialmente deseñada durante o longo goberno da Unión Liberal (1858-1864) (7), interesado en facer prosperar un modelo de goberno que lonxanamente pretendía imitar ó do Imperio Francés no que o progreso económico era conciliabile cunha monarquía autoritaria e mesmo cun primeiro imperialismo militarista, que en España tivo o seu correlato nas tímidas tentativas imperialistas de O'Donnell en África, Oriente Medio e México. Pero este optimismo estaba, ademais, alimentado en Galicia por unha especie de subconsciente colectivo que quería esquecer axiña os tempos da fame e da peste (xa dixemos que a última fora no 1852-3), que precisaba mirar adiante con esperanza vital e que quería sacudir, a toda costa, a mala sonda de país atrasado e cheo de prexuícios que pesaba sobre os nosos intelectuais como unha infamia. O progreso que se detectaba nesa atmósfera artificial, creada nos círculos de opinión,

(3) L. Rodríguez Seoane, “A la prensa gallega”, *El País* (Pontevedra) 27-IX-1857.

(4) *Eco de Galicia* (Santiago), 6-IV-1851, destacando o experimento feito na Universidade de Santiago producindo luz, durante dúas horas e ante a expectación da xente, por D. Antonio Casares.

(5) As primeiras experiencias que se documentan en Galicia son as de Luard, na Coruña, que xa no ano 1843 aparece como retratista e gravador e que posiblemente sería un dos primeiros en axudarse do daguerrotipo. Xan Palmeiro, en Santiago, ten no ano 1859 un gabinete fotográfico. Na Exposición Regional Gallega, celebrada en Santiago no ano 1858, expóñense fotografías de Andrés Cisneros e de Constantino Corona, o primeiro de Santiago e o segundo de Ourense. Na Coruña axiña se estableceu tamén Eugenio Lanelongue.

(6) Vicetto, “Civilización de Galicia. Galicia civil y Galicia rural”, *El Pensamiento de Galicia*, (El Ferrol) 1-X-1865.

(7) Nelson Durán, *La Unión Liberal y la modernización de la España Isabelina*, Madrid, 1979, especialmente o Capítulo “La Familia feliz”, pp. 87-133.

non se entendía como un avance lento e racional, senón que era interpretado como un salto no vacío, como unha nova etapa chea de milagres económicos, sanitarios e políticos, que o home tiña que aceptar con ilusión, porque como testemuñaba Varela de Montes “aceptar la misión del hombre del siglo XIX, es aceptar el signo del trabajo, de la industria y el progreso” (8).

Vexamos agora a visión utópica que se tiña dalgúns destes mecanismos económicos que ían altera-la realidade galega.

1. O ferrocarril

Atribuíánselle ó ferrocarril virtudes case taumatúrxicas para o porvir de Galicia: “Las líneas de hierro son el pan de tus hijos... los raills en Galicia son la desaparición del pauperismo, el venero de la ilustración, la consecución de la importancia social de nuestra provincia, el olvido de las absurdas tradiciones, la riqueza física y moral para nuestro suelo”, escribe Xoaquín Pardo no ano 1859 (9).

Os máis sensatos tentaban integrar estas extraordinarias avantaxes do ferrocarril, nas que todos coincidían, dentro dunha racional concepción do mercado: “Sin comunicación no hay mercados concurridos, sin grandes mercados no hay consumo, sin consumo no hay producción” (10) escribe un autor anónimo en 1851. Os ferrocarrís abaratarán os produtos, porque “sin fáciles transportes no puede haber baratura ni concurrencia en los artículos comerciales y no habiendo ni concurrencia ni baratura, las transacciones deben ser escasas y las ganancias insignificantes” (11).

Cando entre 1858-1860 o patricio coruñés, D. Juan Flórez, lidera un movemento favorable á construción de 705 qm. de ferrocarril, os xornais considéranos como unha especie de redentor de Galicia (12), ocultando logo os ridículos resultados obtidos. Cando no ano 1862 o mesmo Juan Flórez reinicia unha acción popular para asegura-lo ferrocarril galego, os xornais manteñen viva a esperanza de que “toda Galicia experimentará dentro de poco el saludable influjo de ver en acción el ferrocarril completo” (13).

Tanto entusiasmo periodístico non era suficiente para que as obras avanzasen, polo que houbo que busca-los responsables. Son “los hijos espúreos” de Galicia (14) que, por intereses bastardos, tentan frea-lo desenvolvemento: “La clase propietaria, en general, especialmente aquella cuyas rentas consisten en granos o vinos, creen como artículo de fe que, construido el ferrocarril, los granos y vinos de Castilla han de hacer

(8) J. Varela de Montes, “Discurso en la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago”, *Galicia, Rev. Universal de este Reino* (Coruña), 15-X-1863.

(9) *La Perseverancia* (Pontevedra) 13-III-1859.

(10) *El Eco de Galicia* (Santiago) 9-VII-1851.

(11) *El Eco de Galicia* (Santiago) 6-IV-1851.

(12) *El Ateneo* (Coruña) 13-IX-1859; *El Orensano* 15-XII-1860.

(13) *Galicia, Rev. Universal de este Reino* (Coruña) 15-IV-1862.

(14) *El Correo de Galicia* (Santiago) 27-X-1866.

bajar los precios de Galicia, y de consiguiente, el valor de sus rentas" (15), argumento moitas veces empregado e que non convencía a D. Antolín Magín Pla, para quen, pola mesma razón, os rentistas galegos podían beneficiarse da alza dos precios fóra de Galicia (16).

Foi tal a obsesión do ferrocarril que, dando o punto de vista cuantitativo, o tema ferroviario foi o máis recorrente na literatura do momento. Pero, ademais, coñecemos 5 periódicos, neste período, adicados exclusiva ou maioritariamente ó tema: *El Ferrocarril, Periódico de intereses materiales*, semanario que apareceu en Pontevedra entre 1853-4; *El Ferrocarril del Príncipe D. Alfonso*, que dirixido por D. Xosé María de Andueza, apareceu no ano 1858, na Coruña; *El Ferrocarril*, aparecido en 1861 na cidade de Vigo; *El Ferrocarril Gallego*, semanario que dirixe en Pontevedra entre 1861-1862 Manuel Anxel Couto, un dos periodistas máis inquedados de Galicia no seu tempo, animador de moitas publicacións e, finalmente, *El Porvenir Hispano-Lusitano*, que baixo a dirección de Francisco Ferreiro Montenegro, aparece en Vigo no ano 1858 e que se subtitulaba *Revista de comercio, industria, ferrocarriles, telégrafos y Literatura*.

2. A industrialización de Galicia e a conflictividade laboral

Hai unha análise bastante axustada das causas que motivan o atraso da industrialización de Galicia, atraso que de ningunha maneira fai perde-lo optimismo desta xeración que salienta que "la actividad industrial adquirió en su ejercicio garantías hasta entonces desconocidas" (17).

Considérase que a causa principal do atraso está na estrutura da propiedade que favorece a subdivisión e a atomización da terra e, por conseguinte, require unha elevada poboación no campo que impide a acumulación do pequeno aforro (18).

Insístese, así mesmo, na falla dunha intelixente inversión e a inadecuación entre a intelixencia e o capital: "Hay un fatal divorcio entre el capital inteligencia y el capital dinero, por una parte, y por otra la falta de ilustración conveniente para comprender que los pequeños capitales conglomerados por medio de la asociación pueden llevar a cabo las empresas más colosales y atrevidas" (19).

O que esta sociedade, orientada cara ó capitalismo, non está disposta a aceptar é que a conflictividade obreira actúe de freo deste desenvolvemento. No ano 1857 tiveron lugar na Fábrica de Tabacos da Coruña graves incidentes: O 7 de Nadal as 4.000

(15) *El Ateneo* (Coruña) 13-IX-1859.

(16) Antolín Magín Pla, *La Perseverancia* (Pontevedra) 24-III-1859.

(17) *La Opinión Pública* (Santiago) 1-VIII-1863. Os periódicos e revistas salientan tódalas innovacións industriais e pesqueiras. *El Eco de Galicia* (Santiago) 18-VI-1851 e C.V.G.O., "Industria pesquera en Galicia y deplorable estado del que la ejerce", *El Buscapié* (Pontevedra) 23-XI-1865.

(18) Leandro de Saralegui, "Galicia y la industria", *El Pensamiento de Galicia* (Ferrol) 1-XII-1865; M.A. Couto, "Galicia industrial, bajo el punto de vista de la asociación", *La Perseverancia* (Pontevedra) 9-III-1859.

(19) "Consideraciones sobre la industria en Galicia", *El Buscapié* (Pontevedra) 19-VIII-1866.

mulleres traballadoras “arremetieron contra los jefes y empleados, destruyeron todo el tabaco picado... hicieron pedazos las máquinas nuevas para picar el tabaco... tirándolas al mar”. Non contentas ou satisfeitas con isto botaron ó mar os libros de contas. O “pronunciamento”, como califica o feito a prensa, fora provocado pola chegada de novas máquinas que alteraban o sistema de produción e, por conseguinte, o sistema de salarios xa que as picadoras cobraban por obra feita (20). Latexa no fondo, un conflito de carácter ludista que sempre adopta como instrumento de acción a destrución das máquinas nas que se personaliza o problema. Respostas típicas dunha sociedade preindustrial. Os xornais, ó da-la noticia, tranquilizan á opinión pública indicando que o exército ocupou militarmente a fábrica e que se puxo orde.

Dous anos despois, en 1859, a prensa dá conta doutro conflito na ría de Corcubión. Baixo o liderazo dos mariñeiros do Pindo, enfrontados co fomentador catalán Teixidor, tódolos mariñeiros da Ría inician un boicot ás fábricas de salazón, negándose a vendér-lle-la sardiña. A razón desta actitude está posiblemente no feito de que os salazoneiros impoñen uns precios de auténtico monopolio, subindo e baixando os precios sen xustificación aparente. Os mariñeiros da Ría chegaron a tirar ó mar nun só día 600 milleiros de sardiña, “seducidos y engañados por una mano oculta” (21). As disposicións adoptadas polo Gobernador, que enviou un retén de carabineiros, puxo fin a esta conflictividade.

Este inicial capitalismo, que non estaba disposto a perde-lo control da situación, non só recorreu á represión senón tamén ó reforzamento ideolóxico. Desta maneira, combinadas ideoloxía e represión, termarán dos movementos contestatarios que, como vemos, se manifestan axiña.

O 6 de maio de 1866 aparece na Coruña un periódico, titulado *El Obrero Galaco*, dirixido por Feliciano Salgado que tiña detrás unha reducida redacción de mozos preocupados polo problema social. O periódico foi visto con suspicacia polas autoridades, pesie a que o contido do mesmo, sumiso ó réxime e moralizante de cara ós obreiros, non daba ocasión para consideralo subversivo. Non puido pasar do número 9 porque o Gobernador non descansou ata a súa suspensión (22).

O reforzamento ideolóxico atopa varias plumas que, neste intre, descubren os primeiros síntomas do que se deu logo en chamar “o problema social”. Unha das plumas máis relevantes foi Varela de Montes, un intelectual quizais excesivamente valorado dende as perspectivas provincianas en que sempre foi estudado, que no ano

(20) *El País* (Pontevedra) 13-XII-1857.

(21) *El Ateneo* (La Coruña) 8-X-1859. A noticia douna dende Corcubión D. Feliciano Fernández.

(22) O 2 de xullo de 1866 oficia o Capitán Xeneral ó Gobernador da Coruña manifestándolle o seu desagrado pola publicación deste periódico, porque “se ocupa de asociaciones obreras en términos no muy conformes ni autorizados por la ley” por conseguinte o Capitán Xeneral indicaba que “me hallo resuelto a no consentir en modo alguno que se esparzan ni publiquen ideas altamente inconvenientes y punibles en las actuales circunstancias”. O Gobernador prohibiu a publicación o 9 de xullo de 1866, intercambiando de seguido ambas autoridades felicitacións polo éxito, AUS, Fondo Castroviejo-Blanco Cicerón, Legaxo 1866.

1849 publica un ensaio "*Defensa del pauperismo*" que é un hábil alegato en favor do capitalismo incipiente e das medidas coactivas sobre os obreiros que non se plegaran ó poder. Neste ensaio expónse a situación das clases empobrecidas polo desenvolvemento industrial. O autor fai unha distinción entre pobres e traballadores. Os primeiros merecen toda a consideración social porque non son nin poden ser revolucionarios, xa que "las grandes y fuertes pasiones, la energía sostenida, la resolución, el espíritu dominador, la independencia y la superioridad no nace en los hombres mal alimentados" (23). Para isto deben constituírse centros benéficos nos que vivan á calor da filantropía e a caridade.

Distinto é o caso dos traballadores, especialmente daqueles que manifestan na súa conducta ideas socialistas. Estes, segundo Varela de Montes, non queren construír un mundo novo, senón demole-lo existente. Por iso a sociedade debe perseguilos. O autor fai súa a consigna de La Sagra, lanzada dende Francia nun dos seus escritos: "Mi situación me da derecho a erigirme en centinela y de gritar desde lo alto de los Pirineos a los misioneros socialistas: ¡Alto ahí!. Presentad vuestros documentos y reconociendo que no están en regla, gritar de nuevo: ¡Atrás! ¡No, se pasa!" (24).

Era unha clara advertencia.

3. O crédito bancario

A modernización económica de Galicia pasa pola asociación dos capitais, porque a asociación en si mesma non é outra cousa que a reunión de homes e capitais nunha acción presidida pola filantropía e a prudencia, como a define un autor anónimo no ano 1851 (25).

Interesaba marcar moi ben que o capital non é inimigo senón benefactor do proletariado, porque o capital, canalizado por medio dos bancos, escribe Darío García, comentando un artigo de Pi i Margall (26), é o único medio de acabar coa usura, que é a que "remacha las cadenas del proletariado". Por iso o mesmo autor, noutro artigo, defende a lexitimidade do interese do capital contra as afirmacións de Proudhon (27).

A prensa salienta as primeiras experiencias bancarias de Galicia, como a constitución do Banco da Coruña (28), a do Banco Hipotecario de Santiago (29) e solicita de cotío a creación de bancos agrícolas. Pero ó mesmo tempo deféndese a necesidade da neutralidade do Estado, que non debe interferir nas relacións bancarias, dentro dunha concepción ortodoxa do liberalismo máis primitivo. O Estado ten que deixar que as leis económicas cumpran o seu destino (30).

(23) Varela de Montes, *Defensa del pauperismo*, Santiago, 1849, p. 12.

(24) *Ibid.*, p. 32.

(25) *El Eco de Galicia* (Santiago) 5-VII-1851.

(26) *El Ateneo* (Coruña) 22-IX-1859.

(27) *El Ateneo* (Coruña) 24-IX-1859.

(28) *El Ateneo* (Coruña) 5-VIII-1859.

(29) *La Opinión Pública* (Santiago) 9-VII-1864.

(30) *El Orensano*, 5-XII-1860; Guillermo Alonso, "Causas de la miseria de Galicia y su necesario remedio", *El Ateneo* (Coruña) 24-IX-1859.

II. Os grandes debates

1. O debate sobre a estrutura agraria de Galicia

Tódalas análises feitas coinciden en solicita-la reforma da estrutura agraria de Galicia, que impide que os beneficios da política económica do Estado poidan poñerse de manifesto (31).

Dende que no ano 1843, Colmeiro publicara a súa *Memoria* sobre a extrema subdivisión da propiedade, o tema converteuse nun lugar común, máis por vía de intuición ca con base empírica, xa que, agás da *Memoria* de Valenzuela Ozores, ningún se preocupou de medir cuantitativamente a realidade do minifundio galego (32).

Sen embargo os espíritos máis lúcidos decatáronse de que o problema agrario non era máis ca un exponente dun mal enraizado na propia estrutura social. Neste senso débese a un grupo de empresarios e políticos de Galicia, Asturias e León (33) a análise máis obxectiva e circunstanciada da situación da estrutura agraria galega. Para eles a Resolución Carolina do ano 1763 (34) alterou substantivamente o sistema foral porque “se tranquilizaron los ánimos pero cambiados virtualmente los foros en unas verdaderas enfiteusis, quedaron gravadas la mayor parte de las tierras”. Consecuentemente xeráronse unha serie de prexuícios: Excesiva división da propiedade, pesadas e numerosas pensións gravando a terra, permanencia do cultivo en mans de campesiños pobres e alto interés do diñeiro (pola usura) xa que os campesiños teñen que recorrer periodicamente ós préstamos para subsistir.

Os tres primeiros males teñen que ser extirpados mediante unha nova “vigorosa y especial” lei que permita a concentración das propiedades en “manos ricas y productoras”, convertendo ós actuais colonos en “jornaleros agrícolas” ou da industria. O cuarto mal (a usura) só poderá ser erradicada mediante o sistema crediticio, que se reconducirá nun chamado “crédito territorial por Bancos Agrícolas” (35).

Pero non todos pensaban da mesma maneira sobre a estrutura agraria galega. Os rentistas, polo xeral, non estaban dispostos a acepta-la supresión do sistema foral, como tampouco estaban por esas os administradores e moitos avogados que vivían

(31) M.A. Couto, “¿Puede Galicia mejorar por sus propias fuerzas en su estado actual?”, *La Perseverancia* (Pontevedra) 17-IV-1859. Couto cre que “es un error lamentable” acusar do atraso de Galicia á incuria dos Gobernos.

(32) Valenzuela Ozores, *Memoria estadística sobre la provincia de Pontevedra y el censo de 1860*, Pontevedra, 1862, pp. 44-60.

(33) Foi publicada esta Exposición no periódico *El País* (Pontevedra) os días 29-XI-1857 e 6-XII-1857. Asinábana entre outros, D. Juan Barrié, D. Saturnino Calderón y Collantes, D. Florencio Rodríguez Vaamonde, D. Ramón Pasarón y Lastra, D. Ignacio Yáñez Rivadeneira, o Duque de Medinaceli, etc.

(34) Sobre esta importantísima decisión, cfr. X.R. Barreiro Fernández, *A problemática foral no século XIII. Unha nova interpretación*, in Varios, *Dende Galicia: Marx*, Sada, 1985, pp. 245-258.

(35) Na Exposición aparece un interesantísimo estudio sobre o crédito galego e as causas da escasa circulación monetaria.

desta complicada situación (36). De pouco valeu que estas mentes lúcidas proxectasen un futuro distinto ou que algúns sectores da prensa, especialmente a controlada polos progresistas e demócratas, denunciases o mal que facían á economía galega os propietarios absentistas (37). O debate acadou o seu climax no Congreso Agrícola do ano 1864, obxecto de varios estudos que nos dispensan de entrar na súa análise (38), onde o sector favorable á supresión dos foros (sector encabezado por D. Pelayo Cuesta e Montero Ríos) foi derrotado polo sector maioritario dos rentistas, case todos afiliados ó partido moderado (39).

A través deste debate ponse de manifesto que en Galicia había un sector que proxectaba a modernización de Galicia a base dunha profunda reforma agraria. Unha ocasión perdida, porque esta reforma é aínda unha necesidade pendente.

2. A polémica sobre a emigración

Galicia viviu no período 1852-53 a súa última crise de subsistencia, que revelaba o imposible equilibrio entre recursos e poboación agraria. A emigración será a saída natural desta crise (40). Varios sectores da burguesía galega aproveitarán esta coxuntura para reconducir a súa precaria economía adicándoa ó próspero negocio da emigración (41).

Aínda que as análises que se fan amosan a inmediata relación que había entre emigración e a estrutura agraria (42), non deixan de escoitarse voces que adverten que a emigración pode provocar un irreversible mal para a economía e a sociedade galega. É así como o tema deixa de ser estritamente económico para converterse nun tema escandaloso, a medida que na polémica entran practicamente tódolos periódicos de Galicia que por medio de cartas e experiencias vividas poñen de manifesto os abusos que sofren os nosos emigrantes. A polémica xorde a consecuencia dun artigo, aparecido na *Revista Hispano-Americana*, o ano 1859, da autoría de Gelpi e Bertrán, e no que se denunciaban os horrores padecidos polos emigrantes na Arxentina e no Uruguai. O artigo causou tal impacto que tódolos xornais estimaron oportuno adicarlle unha referencia ó mesmo. Pero en medio do coro unánime dos que defendían a necesidade de impedir a toda costa a emigración, aparece o xornal *El Miño*

(36) Varios artigos en *La Opinión Pública* (Santiago) 25-VI-1864; 29-VI-1859; 6-VII-1864; tamén *La Perseverancia* (Pontevedra) 28-IV-1859.

(37) *El Buscapié* (Pontevedra), 5-VIII-1866.

(38) Ramón Villares, *La propiedad de la tierra en Galicia 1500-1936*, Madrid, 1982, pp. 260-283; Pilar López Rodríguez, *Campesinos propietarios*, Lugo, 1985, pp. 54-61.

(39) *La Opinión Pública* (Santiago) 27-V-1864, dando conta do fracaso da tese da supresión do foro no Congreso Agrícola.

(40) Dopico-Rodríguez Galdo, *Desartellamento da economía tradicional*, Rev. Est. Agrarios. (Santiago) I (1979), pp. 97-126.

(41) X.R. Barreiro Fernández, *Historia Contemporánea de Galicia*, Ed. Gamma, T. IV, La Coruña, 1984, pp. 46-50.

(42) Federico R. Fajardo, "Dos palabras sobre la emigración gallega", *La Perseverancia* (Pontevedra) 29-V-1859; 5-VI-1859; 9-VI-1859.

que defende a necesidade da emigración precisamente pola estrutura da terra e a carencia dun desenvolvemento industrial que recolla o excedente humano (43).

Iniciábase desta forma un debate que puido ser aproveitado para unha replanificación sensata da situación económica galega que determinaba aquel fenómeno, pero o tema desbordouse axiña, caendo nunha especie de laberinto no que enseguida apareceron os deberes persoais e políticos, os insultos e agresións por escrito, que converteron o que podía ser un debate nun galiñeiro (44).

Xunto coa emigración son denunciadas as formas de que se valen os beneficiados para fomentar aquela. Especuladores de Vigo, Carril e A Coruña “mandan agentes por las aldeas de Galicia embaucando a los padres que tienen hijos” para embarcalos en buques como “Centinela”, “Fraternidad”, “Aguiles” “que son los más viejos y dismantelados que tiene España” (45).

A discusión pública aumenta e a sensibilidade séntese sacudida cando o recoñecido escritor Xosé López de la Vega, publica un terrible artigo titulado “El tráfico de carne gallega al Río de la Plata” (46) no que expoñía a súa experiencia persoal: Que vira a máis de 300 galegos facendo prácticas para matar, porque o dictador Rosas alugáraos para o seu exército, engadía que os xornais do Brasil e de Estados Unidos publicaban que os galegos eran trocados “por cuernos y astas de buey para servir de peones y soldados”, e remataba dicindo que persoalmente vira a 30 nenos do Ferrol, Ortigueira e Coruña que servían de mucamas nos prostíbulos de Arxentina e Uruguai.

Nesta polémica creceu Rosalía de Castro que a través da opinión pública tivo as primeiras vivencias do que era a emigración dos galegos.

3. A polémica sobre o capitalismo e a súa crise

Xa queda dito como a prensa santifica o capitalismo como instrumento de modernización. As xeracións novas de intelectuais e políticos non chegan, nembargantes, nas súas análises máis alá de pensar no libre cambismo ou o proteccionismo como dúas formas de realizarse o capitalismo (47). É daquela cando aparece unha mente lúcida, a de Indalecio Armesto, que profundiza no tema e fai unha implacable

(43) *El Miño* (Vigo) 3-IX-1859; 11-IX-1859; 17-IX-1859. A argumentación do periódico era a seguinte: A emigración era unha saída necesaria “por la falta de industria, por la extrema subdivisión de la propiedad, por las contribuciones, dominios y demás cargas que gravan aquella”.

(44) Entran na polémica, *Diario de La Coruña*, 7-VIII-1859; *Faro de Vigo*, 18-IX-1859; *La Perseverancia* (Pontevedra) 18-IX-1859; *El Fomento de Galicia* (Coruña) 13-XI-1858 e especialmente *El Ateneo* (Coruña) 20-X-1859 que logo centrará, nun debate a dúas bandas, a súa discusión co periódico *El Miño*.

(45) *Diario de La Coruña*, 9-VIII-1859.

(46) *El Ateneo* (La Coruña) 29-IX-1859.

(47) Batanero, “Reforma de los aranceles de aduanas”, *El Ateneo* (Coruña) 5-VIII-1859; do mesmo, “Libertad de comercio de cereales”, *Ibid.*, 14-VIII-1859; do mesmo, “Asociación para la reforma de los aranceles de aduanas”, *Ibid.*, 15-IX-1859; L. Rodríguez Seoane, “Principios Económicos”, *El Buscapié* (Pontevedra) 9-IX-1866 e 16-IX-1866.

ble crítica do sistema capitalista, que, como veremos, polo xeral non foi entendida no seu tempo.

Armesto, por medio do xornal pontevedrés *El Progreso* inicia no ano 1865 unha crítica de certas formas extremas do capitalismo, críticas aínda superficiais, xa que se baseaban en certos abusos, facilmente constatables, do sistema capitalista (48). Xa no ano 1866, Armesto, co apoio de varios membros do partido demócrata, controla o xornal (49) que lle vai servir de plataforma publicitaria para expoñer-las súas ideas. Inicia entón, xa con maior densidade ideolóxica, a súa crítica global ó sistema capitalista.

Parte do suposto de que cada período histórico ten unha ideoloxía xerada polo *ser colectivo* que non é unha abstracción, senón que ten unha realidade obxectiva. Estas ideas superiores do ser colectivo tipificaran en cada intre o estilo dunha época. O fatalismo pagano xustificaba a escravitude como destino inexorable dun fatum impersoal, é dicir, o ser colectivo xeraba a ideoloxía xustificadora da escravitude. O cristianismo, engade Armesto, incorpora un elemento distorsionador desta idea: a Providencia, que elimina o fatalismo, xa que os acontecementos non suceden por acaso. O cristianismo, por conseguinte, provoca unha crise na concepción pagana, aínda que, a condición humana, non mellorase ostensiblemente. Finalmente a data do ano 1789 abría unha nova era na historia: a da liberdade e o progreso. Pero cando o liberalismo debería conquistar para o home a liberdade e a igualdade, o capitalismo, produto do liberalismo, sitúa novamente ó traballador nunha condición de servidume (50).

A división do traballo, di Armesto, foi “la primera faz de la evolución económica y del progreso intelectual”, pero en vez de xerar unha igualdade económica e social “degrada al obrero, creándole una posición inferior en el grupo social” (51). O principio da lei da antinomia (lei fundamental do Universo conforme a cal todo produto ó mesmo tempo é positivo e negativo) foi captada por A. Smith, Riccardo e Malthus, pero, dominados polo seu optimismo económico, pensaron que as mesmas forzas económicas resolverían no futuro a antinomia. A realidade, sen embargo, foi diversa, xa que como dí Villaume e cita Armesto: “El trabajo es la antítesis de la libertad, como la propiedad es la antítesis de la igualdad”.

Unha das consecuencias do capitalismo é o maquinismo que é a antítese da división do traballo, porque a máquina en vez de beneficia-lo traballador escravízao máis ó facer máis profunda a división de clases: a dos opulentos, que por medio da máquina multiplican os seus beneficios e a dos traballadores, escravizados pola máquina.

Advirtamos ben, como o maquinismo ten en Armesto unha concepción dialéctica, en canto representa (aínda que non parece chegar a ese concepto), o instrumen-

(48) Indalecio Armesto, “El Capital”, *El Progreso* (Pontevedra) 3-IX-1865.

(49) O 10 de Maio de 1866 fanse cargo do periódico Indalecio Armesto, Xoaquín Baeza, Castro Barceló, Heliodoro Cid, Nicanor Rey i Emilio Conte y Salcedo.

(50) Indalecio Armesto, “El trabajo considerado desde el punto de vista de la historia, de la filosofía y de la economía política”, *El Progreso* (Pontevedra) 2-VI-1866.

(51) *Ibid.*

to da apropiación da plus valía, concepto non fetichista da máquina senón económico e social. O curioso personaxe que foi D. Celso García de la Riega, mal interpretou a Armesto e despachouse cun artigo no que dicía que “las máquinas producen efectos desastrosos, arruinan a muchísimas familias, llevando en pos de sí el empobrecimiento y la miseria” (52), idea que non corresponde a unha crítica do capitalismo como a que fai Armesto, senón a unha concepción precapitalista que nada tiña que ver co discurso de D. Indalecio.

Proseguindo no pensamento deste autor, e noutro artigo adicado ó mesmo tema (53), di que o principio da concorrência, dogma do capitalismo, é unha falacia, xa que na práctica convértese nun instrumento de opresión, porque os traballadores (especialmente mulleres e nenos) acoden á oferta de traballo mal remunerado, que é precisamente o que asegura “pasar todos los beneficios del trabajo a los capitalistas”.

De aquí xorde a severa crítica que lle fai ó librecambismo, porque este “como lo quieren sus sacerdotes Cobden, Brigh y Bastiat” non é máis ca un novo instrumento da apropiación indebida de beneficios, xa que a negativa a que o Estado interveña na regulamentación da lei da oferta e da demanda, xenera os abusos do mercado tanto de mercancías como de traballo. O filósofo que é Armesto, asómase agora ó fundamenta-la razón desa negativa á intervención do Estado. O capitalismo, di, presupón o falso principio de que a sociedade é unha abstracción, carente por conseguinte de dereitos e obrigacións, o que segundo o seu argumento, conleva a negación do Estado como suxeito de dereitos e obrigacións no campo económico.

Por suposto poucos entenderon esta argumentación de Armesto, especialmente na cuestión do librecambismo, tema que naquel intre gozaba de tódalas simpatías da intelectualidade provincial. Cando Armesto expón a súa teoría recibe diversas críticas non sobre o corpo doctrinal senón por esa referencia ó librecambismo (54), xa que entendían que Armesto defendía o proteccionismo, ignorando que a referencia ó librecambismo se integra nunha crítica global e profunda do todo o sistema capitalista.

Foi lástima que, unha vez mais, a discusión fose suspendida pola actuación do Gobernador Civil que, entendendo ou non o problema, pensou que aquela discusión podería derivar nunha heterodoxia política que naquel intre as circunstancias políticas non recomendaban. O número 73 de *El Progreso*, o xornal de Armesto, (14-VII-1866) foi suspendido pola autoridade provincial. No número 83 (27-IX-1866) os redactores comunican que dadas as dificultades que teñen para expresa-las súas ideas, deciden suspender-la publicación. Quedou, así, truncado o pensamento de Indalecio Armesto aínda que posteriormente voltaría sobre estes e parecidos temas.

(52) *La Revista* (Pontevedra), *El Buscapié* (Pontevedra) 7-XII-1866.

(53) *El Progreso* (Pontevedra) 9-VI-1866.

(54) L. Rodríguez Seoane, ataca a Indalecio Armesto en dous artigos, “Principios económicos I” e “Principios económicos II”, *Buscapié* (Pontevedra) 9-IX-1866 e 16-IX-1866. Tamén *El Buscapié* (Pontevedra) 21-XII-1867, recollendo as críticas de *La Correspondencia de Galicia*.

4. *A muller na sociedade*

En momentos en que un sector da sociedade ten conciencia de que o traballo é unha unidade de valor, e condena a vagancia e a tradicional concepción que menospreciaba o traballo (55) é lóxico que se concebise o papel da muller dende unha perspectiva utilitaria. Desta maneira se introduce o tema na discusión nos Liceos e Ateneos de Galicia (56).

Perfílanse dúas opinións encontradas: Unha minoritaria, que considera que a muller debe ser un elemento sustancial na transformación da sociedade e, por conseguinte, apoia que a muller se prepare mediante unha formación que a capacite para esta función, e unha maioritaria que defende que a muller, tanto pola súa constitución fisiolóxica como pola historia, ten xa un papel na sociedade que debe manter: Exerce-lo amor no seo da familia.

García Fuertes, catedrático na Escola de Comercio da Coruña, opta pola primeira posición cando no ano 1859 inicia no Ateneo desta cidade a discusión sobre a educación da muller na sociedade (57). Argumenta que ten a mesma capacidade có home e, por conseguinte, que ten que formarse para poder exercer debidamente esta capacidade. Reforza a súa tese co exemplo de Francia, Inglaterra e Portugal onde as mulleres teñen acceso ós estudos superiores. Presionado por varios asistentes a estas discusións, que o acusaban de altera-lo curso da natureza, explica que el persoalmente prefire que a muller quede na casa, coidando dos fillos, pero intelectualmente non ve razóns para que se lle negue a posibilidade de formarse como un home.

Coincide con el Luis Rodríguez Seoane, que na discusión sobre o tema da muller, defende a plena emancipación desta na sociedade (58).

Máis espectacular, polo aparato argumental, e máis contundente é a posición contraria que recorre a todo tipo de artificios dialécticos, textos bíblicos e argumentos fisiolóxicos para defende-lo papel tradicional da muller. "La grandeza de la mujer, escribe un xornal compostelano, está vinculada al hogar doméstico principalmente; allí están sus verdaderos triunfos, sus pacíficas victorias; allí, enseñando a sus hijos los principios eternos de la moral, enseña también a la sociedad y la moraliza" (59). O mesmo xornal insiste, noutro artigo, que é "un disparate craso" pensar que a muller ten a mesma capacidade có home e que se lle aconselle que deixe o seu tradicional papel na familia para competir cos homes no traballo (60).

Se pasando das afirmacións entramos xa na argumentación, vemos como o avoga-

(55) *El Correo de Galicia* (Santiago), 18-XII-1866; *El Brigantino* (El Ferrol) 5-I-1866.

(56) O Liceo de Pontevedra puxo a debate no curso 1857-58 o tema: "¿La influencia de la mujer en la sociedad es mayor en la civilización moderna que lo fue en la antigua?". Pola súa parte, *El Ateneo* da Coruña propón no ano 1859 como debate o tema: "¿Es la educación de la mujer uno de los elementos necesarios para la prosperidad de una nación?".

(57) *El Ateneo* (Coruña) 8-IX-1859.

(58) *El País* (Pontevedra) 13-XII-1857.

(59) *El Correo de Galicia* (Santiago) 11-XII-1866.

(60) *El Correo de Galicia* (Santiago) 11-XII-1856.

do da Coruña, D. Pelayo Catoira, nunha decadente oratoria pretendía darlle ó seu antifeminismo unha fundamentación bíblico-teolóxica. Nun discurso pronunciado no “El Ateneo”, e no que empezaba calificando as mulleres de “bello segmento de la creación”, xustificaba o apartamento da muller do estudio, porque este implica fatiga e traballo, e xustamente fatiga e traballo foron os castigos impostos por Deus a Adán no Paraíso, marcando ben que o castigado era o home e non a muller, “el hombre lleva el castigo en su frente” mentres que a muller lévao no corazón, perífrase orgánica que se permitiu o pudibundo avogado, xa que o relato bíblico reférese precisamente a outro órgano da muller.

Despois desta refinada eséxese, D. Pelayo Catoira, busca outros argumentos de congruencia: A muller non debe adicarse ós estudos para que “su belleza no se aje”, porque “el mundo del pensamiento no es el mundo de la mujer, esas regiones están rodeadas de una atmósfera de fuego que puede calcinar el cáliz del sentimiento... No pretendamos trastornar la naturaleza en sus relaciones más inmutables... Sea, pues, la ciencia para el hombre y el amor para la mujer” (61).

Se D. Pelayo argúe dende a Biblia, o librepensador D. Ramón Pérez Costales, xoven médico asturiano instalado na Coruña (62), faino dende a fisioloxía: “El cultivo y estudio de la ciencia no está en armonía ni con la organización de la mujer, ni con el objeto final que la naturaleza le propuso al crearla”, porque xa os comportamentos dos nenos marcan a diferenza entre os dous sexos i estos comportamentos “son independientes de la voluntad del individuo, son instintivos, constantes, manifestaciones espontáneas de la organización, cumplimiento de leyes supremas, inmutables, con carácter de necesidad” (63).

A muller, segundo Pérez Costales, ten os seus órganos orientados cara o sentimento, cara o amor e a filantropía. A muller “es un sensible electróforo”, é dicir, un feixe de nervios dispostos para unha función do sentimento. O seu cerebro carece dos abultamentos da parte inferior e superior que é onde aniña a capacidade de reflexión e de estudio. Por iso é un atentado á natureza que a muller estudie. Conclúe que, aínda que fose esaxerada a expresión, non pode resultar absolutamente fóra de lugar que algún filósofo dixese, equivocadamente, iso sí, que a muller non pertencía á mesma escala zoolóxica do home (64).

Este debate, aberto nas principais cidades de Galicia, ten lugar xusto cando Rosalía medra e se forma intelectualmente. Non resulta extraño que moitos comportamentos dela, estudiados neste Congreso dende unha perspectiva feminista, respondan a unha actitude seguramente moi racionalizada e derivada desta atmósfera cultural e social na que se disputaban cousas como estas.

(61) *El Ateneo* (Coruña) 28-VIII-1859.

(62) Pérez Costales, dirixente do partido demócrata e logo do partido republicano federal, será Ministro da Primeira República Española.

(63) *El Ateneo* (Coruña) 7-VIII-1859 e 10-VIII-1859.

(64) V. Pueyo, “El bello sexo”, *El Pensamiento de Galicia* (Ferrol) insistía nas mesmas ideas (1-II-1866), dicía que exercer de esposa perfecta e afectuosa nai é a maior proba de ciencia que pode te-la muller. Non necesita outra ciencia.

5. O debate provincialista

O provincialismo, como primixenia fórmula política do galeguismo (65), foi derrotado no ano 1846 na súa expresión política. A represión foi grande. Os dirixentes foron á cadea ou exiliáronse. Cando a amnistía e os indultos lles permitiron tornar a España, poucos voltaron para Galicia. Faraldo, Romero Ortiz, Rua Figueroa, Augusto Ulloa etc. quedaron en Madrid xa para sempre. O movemento foi descabezado, controlados os líderes, prohibida calquera tentativa de fundar novamente unha prensa como a representada en 1845 polo periódico *El Porvenir* de Faraldo. Isto é unha constatación histórica.

Tamén é unha constatación histórica que o rexurdimento galeguista agroma no eido cultural na xeración dos anos sesenta do século pasado. Parece lóxico, por conseguinte, que ó trazar, por vez primeira, a evolución do galeguismo falasemos do refuxio culturalista desta segunda xeración, tamén chamada do “Rexurdimento” (66). Con esta expresión non pretendiamos outra cousa que etiquetar ou nominar un período ou unha fase do galeguismo. Por conseguinte parécenos desproporcionado que algún autor (67) pretenda interpretar esta expresión como se negásemos o fondo político e mesmo reivindicativo da cultura nunha etapa en que, por mor da represión, non é posible a expresión política plena. Para isto non é preciso traer a colación a Gramsci ou Koyre, porque é algo elemental en toda a interpretación histórica das loitas nacionais.

Deixando esta cuestión, estrictamente escolástica, pasemos a considerar en poucas palabras o que deu de sí o debate provincialista neste período.

O provincialismo, como ideal de agrupación política, reaparece nalgúns momentos: O periódico *El Eco de Galicia*, que dirixe en Santiago Neira de Mosquera, proclama en varias ocasións a necesidade de recupera-lo provincialismo: “La unidad de un pensamiento salvador para el porvenir de un territorio se encuentra tan alto que deben colocarse bajo su égida los pasados hábitos y las envejecidas rivalidades. Este pensamiento militante, reflexivo, patriótico, solemne, debe ser la fórmula explícita y terminante del provincialismo gallego” (68). Este provincialismo non debe ser confundido co localismo, ten que se estender a toda Galicia e agrupar “a las cuatro provincias gallegas”. Ha ter como único principio a salvación do país.

Noutro número, e ante os ataques do xornal *El Coruñés*, reacciona *El Eco de Galicia*: “Somos gallegos, he aquí el término del horizonte que nos hemos trazado.

(65) X. Ramón Barreiro Fernández, *El Levantamiento de 1846 y el nacimiento del Galeguismo*, Santiago, 1977.

(66) X. Ramón Barreiro Fernández, *Galeguismo*, CEG, onde, por vez primeira e, por conseguinte coas imprescindibles imprecisións, expúxose a evolución do galeguismo nas súas distintas fases.

(67) R. Maiz, *O Rexionalismo galego: Organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, 1984, p. 43.

(68) *El Eco de Galicia* (Santiago) 21-VI-1851.

Deseamos organizar de nuevo el provincialismo gallego de manera que no sea explotado por la ambición o el monopolio" (69).

Pesie ós esforzos de Neira de Mosquera, o provincialismo como movemento non calla naquel momento na sociedade galega, unha sociedade domesticada por unha prensa fiel ós dictados do réxime liberal-centralista, que non dubida en remarcar que unha cousa é ser galego e profesar de tal e outra é ser provincialista, "nuestro amor a Galicia no es un ciego y exagerado provincialismo" escribe *La Perseverancia* no limiar do seu primeiro número (70).

Non se escapa o idioma a ese ataque da uniformidade centralista: Ventura Pueyo, publica no ano 1866 un artigo "El dialecto gallego y la unidad ibérica" (71) no que reconece que dende a perspectiva histórica "nuestro dialecto presenta títulos de respetable antigüedad y ostenta blasones que muy pocos podrán ofrecer tan puros", pero o idioma, estancado dende o século XIII, é un síntoma do atraso de Galicia, "el dialecto gallego, fuerza es decirlo, conserva en lo general cierta rudeza y desaliño propio de la época que recuerda, del atraso en que subsisten los habitantes de sus campos y montañas... En fin, nuestro dialecto guarda una constante relación con el atraso de nuestra agricultura, de nuestras artes y de los escasos adelantos de nuestra población rural". En aras da unidade de España hai que potenciar o castelán, porque o galego "lo mismo que los demás dialectos de España, dificultan y entorpecen la rapidez del movimiento civilizador, retardando así ese ósculo fraternal que los hijos de una misma patria debemos darnos".

A situación seguramente non favoreceu un proceso de profundización no provincialismo, atacado por moi distintas forzas e dende diversas instancias. O feito é que o discurso ideolóxico da provincialismo queda xustamente como o deixaron os da xeración de 1846, sen aumentar cualitativamente nada. É certo que non podemos manexa-las coleccións completas de *La Oliva*, *El Miño* e *El Clamor de Galicia*, pero polo que podemos constatar, o provincialismo que estes periódicos defenden é unha idea vaga, é un entusiasmo sen excesiva reflexión e, dende logo, non hai debaixo substancia ideolóxica nin se crea un grupo capaz de levar adiante esta idea que planea sobre varios xornais, sen atopar unha concreción política.

É certo que *La Oliva*, que aparece en Vigo o 2 de febreiro do 1856, enceta un discurso provincialista que pretendía conectar co movemento tronizado no ano 1846, empregando ás veces a mesma terminoloxía (72) e conmemorando o calendario heróico do inicial galeguismo (73), pero cando entra en polémica con *El Clamor de Galicia* que dirixe Vicetto que os acusa precisamente de galeguistas, respostan que "somos antes españoles que gallegos y antes gallegos que vigueses" (74)... "las

(69) *El Eco de Galicia* (Santiago) 2-VII-1851.

(70) *La Perseverancia* (Pontevedra) 2-III-1859.

(71) *El Pensamiento de Galicia* (Ferrol) 15-II-1866.

(72) *La Oliva*, 2-II-1856.

(73) *La Oliva* adicará varios números a conmemorar ós Mártires de Carral, *La Oliva*, nºs. 26, 27, 28, 30.

(74) *La Oliva* (Vigo) 14-V-1856.

ventajas que proporciona el ser parte de un gran pueblo son inmensas, ... esas nacionalidades en miniatura se esfuerzan por pegarse a otros pueblos... no queremos pues para Galicia lo que se indica... lo decimos con orgullo, somos antes españoles que gallegos".

Tampouco Vicetto mantén unha liña coherente no seu pretendido provincialismo. Precisamente a disputa con *La Oliva* xorde porque *El Clamor de Galicia*, que di-ríxe, non adicou unha soa páxina a conmemora-los fusilamentos de Carral, polo que foi denunciado por *La Oliva*. Vicetto moi dignamente contestará que os sucesos de Carral non son o "dous de Maio" (75).

Neste deserto ideolóxico, no que O Banquete de Conxo tampouco é unha excepción, pesie ó pretendido carácter provincialista que dende sempre lle atribuímos, afirmación que terá que ser posiblemente corrixida (76), o galeguismo mantense na obra dos nosos poetas, dos nosos escritores e, por suposto, no pobo. É neste período cando aparece a obra de Pintos, o grande predecesor de Rosalía, cando se edita o *Album de la Caridad*, expresión dos Xogos Florais do ano 1861 coa afervorada lou-banza de Antonio de la Iglesia sobre a fala galega e a necesidade do seu cultivo, é agora cando o poeta áulico, como certamente califica Carballo Calero a Vicente Turnes, aproveita calquera acontecemento para face-los seus versos en galego, o mes-mo que Miguel Fernández Magariños. É agora cando Marcial Valladares escribe *Ma-xina* e cando Saco i Arce edita a Gramática Galega. E sobre todo é neste período cando aparece Rosalía con todo o seu compromiso fundamente galeguista. Política-mente, o galeguismo non se erguerá ata 1868, pero xa dentro doutra matriz ideolóxi-ca, a do federalismo.

(75) Os excesos verbais e, ás veces, ideolóxicos de Vicetto, poden confundir se non se ana-lisa toda a súa obra e o seu compromiso nas distintas etapas da súa vida. O ano 1859 pronunciou un discurso no Ateneo da Coruña, que foi censurado, precisamente polo seu encendido provin-cialismo (*La Perseverancia* (Pontevedra) 24-IV-1859 onde se recolle o texto íntegro do mesmo, pero con posterioridade non sempre mantivo constante a súa militancia).

(76) E xa un lugar común a atribución dun senso galeguista ó Banquete de Conxo, pero nin lendo as poesías que alí se pronunciaron, nin as referencias que do acto nos da *La Oliva* (Vigo) 8-III-1856, nin a lectura da apoloxía do acto, posiblemente redactada por Aguirre (*Al Público. Dos palabras imparciales sobre el banquete...*, Santiago 21-III-1856), nin da obra do mesmo Agui-rre, líder indiscutible daquela xeneración, se pode deducir cousa algunha en favor da connivencia entre o Banquete e o galeguismo.